

1. AS LINGUAS NO MUNDO. PLURILINGÜISMO E MULTICULTURALIDADE



A facultade humana que denominamos linguaxe plásmase en milleiros de linguas distribuídas por todo o planeta. Calcúlase que existen no mundo entre 3000 e 5000 linguas. A realidade multilingüe está presente a escala mundial, condicionando as relacións sociais, económicas e políticas. Non é posible identificar comunidade política con comunidade lingüística. O modelo unitarista que identifica 1 Estado = 1 Lingua é unha excepción. Ao lado de estados unilingües como Islandia, temos estados multilingües – a maioría – como España. A área de maior diversidade lingüística é Papúa- Nova Guinea, con aproximadamente 1000 linguas. Este fenómeno consistente na convivencia de varias linguas nun mesmo estado chámase **PLURILINGÜISMO**.

A **diversidade lingüística** asenta a súa orixe na forma específica que cada sociedade ten de relacionarse co medio natural que o rodea e que xera unha cultura material adaptada a este. Outros factores determinantes son de tipo histórico e xeográfico, como as colonizacións e as migracións.. A diversidade é a característica que define as manifestacións culturais e lingüísticas da Humanidade. Cada unha das linguas en que se plasma esta diversidade corresponde á expresión dunha identidade colectiva, a unha maneira específica de estruturar e apprehender a realidade.

Para rematarmos este repaso polo mundo das linguas debemos definir os conceptos de **lingua oficial** e **lingua nacional**. A primeira indica o estatus de determinado idioma como instrumento de relación entre o estado e os seus cidadáns; mentres que a **Lingua nacional** é aquela creada e usada por un pobo ao longo da súa historia. Non hai relación unívoca entre as dúas categorías oficial e nacional, xa que a lingua oficial non é sempre a nacional (francés no Líbano), e a lingua nacional non é sempre a oficial (romanche en Suíza).

A existencia de distintos idiomas nacionais dentro dun estado obriga a empregar unha lingua franca, ou sexa, unha lingua coñecida pola ampla maioría dos membros das distintas comunidades lingüísticas.

Lingua internacional é aquela que é aprendida amplamente por individuos que non a posúen como lingua nativa. A internacionalidade dunha lingua é en certa maneira independente do volume total demográfico de individuos que a usan como lingua nativa. Así, a lingua demograficamente máis importante do mundo, o chinés mandarín, ten polo de agora pouco valor como lingua internacional. As **linguas**

auxiliares internacionais poden ser **naturais**, nativas dalgunha comunidade, ou **artificiais**, inventadas. A máis coñecida destas é o esperanto...

1. AS LINGUAS SEGUNDO O NÚMERO DE FALANTES

Só 10 linguas ultrapasan a cifra de 100 millóns de usuarios.

Chinés Mandarín 1000 millóns

Bengalí 150 millóns

Inglés 350 millóns

Ruso 150 millóns

Español 250 millóns

Portugués 135 millóns

Hindi 200 millóns

Xaponés 120 millóns

Alemán 100millóns

Árabe 150 millóns

2. AS FAMILIAS LINGÜÍSTICAS DO MUNDO

Unha familia de linguas consiste en idiomas intimamente relacionados dado que todos eles proveñen dun mesmo primeiro idioma, sendo eles os derivados. Agruparemos así as linguas segundo criterios xenéticos:

- En Europa temos as linguas **indoeuropeas**, que son as máis estendidas no mundo.

Engloba as linguas románicas, xermánicas, eslavas, o albanés, o armenio, as linguas bálticas, as célticas e as indoiranianas. En definitiva, todas as linguas descendentes doutra anterior, o protoindoeuropeo.

- En África temos varias familias lingüísticas pero apenas teñen máis de un millón de falantes polo que existen varias linguas francas como o swahili .
- En América existen tres grandes familias entre as que destacaremos as maia, as guaraní e as quechua.
- En Oceanía fálanse as linguas austronesias, papuanas e australianas.

3. AS LINGUAS EN PERIGO

Estímase que a extinción de linguas, para finais do presente século, podería acadar niveis de catástrofe. Con cada lingua desaparece unha cultura. Para algúns esta extinción é semellante á extinción de especies. Causas: As guerras, os desastres naturais, a adopción de linguas dominantes contribúen ao seu desuso, pero esta acelerada extinción pode deberse en grande medida aos medios de comunicación masiva, porque estes abandonan determinadas linguas en favor dos idiomas máis difundidos a escala planetaria. Afortunadamente, existe unha contrapartida a este proceso uniformador: na actualidade, algunhas linguas están volvendo, ou se se quere, resucitando.

A ecoloxía das linguas chama a atención sobre dous aspectos: a relación das linguas co contorno e a riqueza de conceptos que se expresan a través dos distintos idiomas que a humanidade posúe. Esta corrente valoriza a linguodiversidade como un ben

que a Humanidade debe preservar, da mesma maneira que acontece cos valores naturais e coa diversidade biolóxica.

As linguas son expresión de identidade individual e colectiva, son depositarias da historia, contribúen á suma do coñecemento e do saber humano e constitúen un obxecto de estudo e interese en si mesmo.

4. AS LINGUAS EN EUROPA

En Europa hai varias familias lingüísticas e un alto grao de multilingüismo, Acostumamos a pensar só nas grandes linguas oficiais, que adoitan contar con moitos millóns de falantes, como o castelán, o alemán e o francés. Normalmente esquecémonos das linguas non oficiais ou menos faladas. A Unión Europea ten vinte e tres linguas oficiais, aínda que non todas as linguas oficiais de cada país membro son oficiais nela: o luxemburgués é oficial en Luxemburgo, pero non na UE. Son linguas oficiais da UE as consideradas máis importantes en cada país, con independencia do número de falantes ou das outras linguas que se falen neses países: O letón, falado por 1.400.000 persoas, é oficial en Letonia e na UE; pero o catalán, falado por catro millóns de persoas, e o galego, falado por 2.500.000, non son oficiais na UE. En Europa tamén existen linguas ameazadas de desaparición como o bretón – noroeste de Francia - , o yiddish – lingua xermánica empregada polos xudeos - ou o címbrico – norte de Italia.. e tamén podemos falar de linguas xa extintas como o eslovincio – actual Polonia, 1900 – ou o dálmata - actual Croacia, 1898-.

5. AS FAMILIAS LINGÜÍSTICAS EUROPEAS

Todas as linguas que se falan en Europa, salvo o éuscaro, pertencen á familia indoeuropea, á urálica ou ao complexo caucásico.

- A familia indoeuropea: É a máis estendida das mencionadas, cubrindo a maior parte de Europa e estendéndose por Asia cara á India.
- A familia urálica: Inclúe o Finés e o Húngaro e fálase principalmente no norte de Europa, aínda que o Húngaro é unha illa, rodeada de linguas indoeuropeas, no centro de Europa.
- As linguas caucásicas: Realmente son tres familias, por iso se fala de “ complexo caucásico “ . Fálanse nas montañas do Cáucaso, sendo o Georgiano a lingua mellor coñecida de todas.

6. A SOCIOLINGÜÍSTICA

As linguas son a base da vida en sociedade. A **Sociolingüística** é a disciplina encargada de estudar o uso das linguas e de analizar as relacións entre estas e o medio social. Cada sociedade ten unha única lingua propia. Non existe ningún caso en que unha comunidade humana xerese espontaneamente dous idiomas. Porén, na meirande parte do mundo vívese unha situación de contacto lingüístico. O **conflito lingüístico** defínese como a tensión que se produce entre dúas linguas dentro da mesma sociedade por asumir un maior número de funcións sociais e de falantes. Nas sociedades inmersas en situacións de conflito lingüístico o idioma constitúe un indicador simbólico da posición social. Os falantes da lingua dominante non teñen ningún problema para desenvolveren a súa vida sen necesidade de recorrer á lingua subordinada, mentres que os falantes desta última vense impelidos a aprender a dominante e ven restrinxido o seu desenvolvemento social. Ante esta situación de desigualdade, a resposta dos individuos que queren ascender socialmente é a asimilación, ou sexa, a perda da propia identidade cultural e lingüística. Os conflitos lingüísticos nacen na estrutura dunha

sociedade e non poden ser explicados nin estudados descoñecendo os factores históricos, políticos, sociais, económicos etc., que motivan esa situación. A discriminación lingüística é unha manifestación da situación xeral dun pobo ao que non se lle permite o seu normal e pleno desenvolvemento.

Unha situación de conflito non permanece indefinidamente no tempo, senón que ten dúas saídas antagónicas:

1.A substitución lingüística. Proceso que consiste no abandono da lingua propia da comunidade e a asimilación á lingua dominante. Ese proceso ten tres fases:

- Implantación dunha lingua foránea nun territorio con lingua propia.
- Uso diglósico da lingua propia e da lingua foránea, tendo esta segunda os usos máis prestixiosos e importantes.
- Abandono total do uso da lingua propia e completa asimilación á lingua de fóra.

2,Normalización lingüística. Este proceso consiste na recuperación paulatina de usos e funcións sociais para unha lingua que está nunha situación de subordinación.

Debemos distinguir en sociolingüística una serie de conceptos básicos:

O bilingüismo individual é a capacidade dun individuo para desenvolverse en dúas linguas, a súa propia e outra distinta. O bilingüismo individual é esencialmente asimétrico, xa que resulta moi difícil acadar un nivel de competencia idéntico e un uso totalmente equilibrado ou neutro de dous idiomas.

A diglosia prodúcese cando dentro dunha unidade territorial existen individuos que empregan dous idiomas: un propio, adquirido a través da transmisión lingüística da súa sociedade; e outro pertencente a un grupo lingüístico diferente. O termo **diglosia** designa o contacto estable entre dúas linguas. Existe unha lingua A, de usos formais e prestixiados, e unha lingua B, de usos informais e menos prestixiados.

Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas

A relación entre linguas e de falantes presenta un grande desequilibrio. Á hora de dar datos sobre o número de falantes dun idioma temos que diferenciar entre falantes que o teñen como primeira lingua e os que o teñen como segunda. O estatuto de **lingua maioritaria** non é inmutable. Linguas europeas como o inglés, o francés, o portugués ou o castelán, sufriron un fenómeno de expansión debido á súa acción colonial nos outros continentes. Na actualidade o inglés é a lingua internacional máis empregada. Este é un fenómeno moi recente, que comezou a producirse no século XIX.

A nosa lingua está entre as 160 máis faladas do mundo, sen contabilizala conxuntamente co

portugués, mais a súa situación pouco ten que ver coa dalgunhas que contan cun número de falantes parello. É evidente que as linguas teñen moi diversa sorte desde o punto de vista sociolingüístico e legal. Mentres existen linguas oficiais protexidas e promocionadas polos estados, outras sofren restricións nos seus usos.

De ningún xeito podemos confundir lingua minorizada con lingua minoritaria pois **lingua minoritaria** é aquela que conta cun reducido número de falantes. Se consideramos que unha lingua que ten menos dun millón de falantes é minoritaria, este sería o caso de máis do 94% das linguas do mundo. Aínda que os idiomas minoritarios adoitan ser os máis ameazados e en situación de marxinación, iso non sempre é así. O catalán e o islandés teñen un reducido número de falantes pero teñen unha grande vitalidade e unha situación de plena normalidade dentro do seu territorio.

Lingua minorizada. É aquela á que se lle negan as condicións para poder desenvolverse con normalidade. Atópase nunha situación de inferioridade ao ver restrinxidos os seus usos públicos (medios de comunicación, administración de Xustiza, vida comercial, publicidade, ensino, burocracia, liturxia etc.) e privados. Existen linguas minorizadas como é o caso do galego que están vivindo simultaneamente procesos de normalización e de substitución, ou sexa, gañan ámbitos de uso nunca antes desenvolvidos, mais perden falantes e debilítase o seu uso en contextos que lle foron exclusivos. A función básica das linguas é ser o vehículo primordial de comunicación entre os membros dunha sociedade. Esa función xeral concrétese nunha serie de funcións que as linguas desempeñan nos distintos ámbitos e niveis sociais:

7. FUNCIÓN SOCIAIS DAS LINGUAS

A **función de identidade** é aquela que realiza a lingua en cada individuo, servíndolle como instrumento de articulación do pensamento. Está directamente relacionada coa aprendizaxe primaria.

Existen persoas que tiveron como lingua primaria o galego e que se converten en falantes habituais de castelán. Paralelamente prodúcese o fenómeno inverso: persoas que teñen o castelán como lingua primaria e que se instalan no galego despois dun proceso de concienciación. O fenómeno da regaleguización cada día ten maior relevancia cuantitativa,

A **función familiar** é a que desempeña dentro da familia como elemento de relación entre os seus membros. Está moi vinculada á función de identidade e, coma ela, relacionada directamente coa aprendizaxe primaria, xa que é a familia a máis importante transmisora primaria da lingua.

A **función laboral** é a que se desenvolve no mundo do traballo.

A **función local** é a que realiza a lingua nos contactos entre as persoas que comparten o mesmo contorno na vida cotiá.

A **función institucional** dunha lingua prodúcese nos contactos entre os individuos e as entidades administrativas, políticas, sociais e culturais da comunidade á que pertence

A **función cultural** ou de civilización desenvólvese cando a comunidade humana que posúe unha lingua a utiliza para as súas expresións científicas, tecnolóxicas e

artísticas.

A **función internacional** prodúcese cando unha lingua ten uso alén da súa comunidade de falantes. Falantes doutros idiomas aprenden unha lingua co obxectivo de comunicárense con outras persoas que a teñan ou non como primeira lingua.

8.LINGUAS FALADAS NA PENÍNSULA IBÉRICA.SITUACIÓN LEGAL.O CASO DO GALEGO

Despois da conquista romana, só unha pequena zona da Península, situada no oeste dos Pirineos, quedou sen latinizar; actualmente nesta zona fica o éuscaro, a única lingua prerromana que pervive na Península ata os nosos días.

A Constitución española establece que o castelán é a lingua oficial do estado, e que todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala. Os respectivos Estatutos de Autonomía establecen a oficialidade do catalán, do éuscaro e do galego nos seus territorios. Porén, os cidadáns destas comunidades non teñen o deber de coñecer estas linguas, só o dereito de coñecelas e usalas, o que establece un principio de desigualdade entre o castelán e as demais linguas faladas na Península Ibérica.

O CASTELÁN: é a única lingua oficial de todo o Estado español. As cifras de falantes son moi conflitivas, xa que hai 8 millóns de cidadáns do Estado español que falan habitualmente outras linguas, polo que a cifra real andaría polos 32 millóns. Tamén é a lingua oficial dunha boa parte dos estados americanos, pero en absoluto é lingua única de todos eles, xa que moitos destes cidadáns empregan linguas amerindias (quechua, nahuatl, maia, guaraní...)

O CATALÁN: a comunidade lingüística catalá repártese en catro Estados: Francia (norte de Cataluña), Italia (Alguer, en Sardeña), Andorra (onde é lingua oficial), e España (Cataluña, País Valenciano, Baleares e parte de Aragón) e ten 7.000.000 de falantes. Ten unha tradición literaria de gran calidade, interrompida por un período de 3 séculos. En 1977 recuperou o seu estatus de lingua oficial (cooficial co castelán) e iniciou o seu proceso de normalización. Actualmente goza de gran prestixio social e cultural, xa que é respaldada por sectores dun gran potencial económico. A súa minorización dáse en territorio francés e italiano. As súas normas ortográficas datan de 1913, a gramática estándar, de 1918 e o dicionario xeral, de 1932.

O ÉUSCARO: o territorio situado na zona oeste dos Pirineos nunca foi latinizado nin conquistado polos árabes, o que permitiu que a lingua prerromana que alí se falaba, o vasco ou éuscaro, chegase viva ata hoxe. É unha lingua falada por arredor de 630.000 persoas, repartidas entre o País Vasco, noroeste de Navarra e os departamentos dos Pirineos Atlánticos, en Francia. En 1919 fundouse a Academia da Lingua Vasca, que creou a variedade estándar en 1968. É lingua cooficial no País Vasco dende 1982; tamén o é en Navarra. Presenta varios dialectos de occidente e de oriente.

O GALEGO

Da antiga Gallaecia romana xurdiron tres territorios: Galicia, ao norte do Miño; Portugal, entre o Miño e o Douro e Asturias, na área occidental asturleonese. A zona galega e a portuguesa compartían unha serie básica de evolucións dende o latín que se mantiveron ata o ano 1143, cando Portugal se independiza da coroa de Castela. A partir deste momento os cambios lingüísticos que se producían nunha e noutra lingua nos traspasaban as fronteiras políticas co que acabaron por se converter en linguas distintas. Actualmente fálase en Galicia, no occidente de Asturias (entre os ríos Eo e Navia), no occidente do Bierzo leonés e en zonas limítrofes da provincia de Zamora por máis de 2.000.000 de persoas (case 3 millóns se incluímos os emigrantes) .

É lingua cooficial co castelán.

O Estatuto de Autonomía (1980), no seu artigo 5º di que “a lingua propia de Galicia é o galego”, que “os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”, que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa...” e que “ninguén poderá ser discriminado por causa de lingua”

A Lei de Normalización Lingüística (1983) na versión aprobada inicialmente dicía que “o galego é a lingua propia de Galicia” e que “todos os galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo.

En 1986 unha nova redacción fai só alusión aos dereitos: “todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e usalo”. Consagrouse así a cooficialidade asimétrica, dado que o castelán si é obrigado coñecelo. Por outra banda, esta lei garante o dereito dos cidadáns a empregar calquera das dúas linguas nas súas relacións coa Administración local e promulga o carácter bilingüe das institucións autonómicas.

O certo é que a situación actual de Galicia preséntase como un fenómeno complexo no que interveñen múltiples e variados factores. Así, encontrámonos con indicadores sociolingüísticos negativos e con outros claramente positivos para a lingua do país: Indicadores negativos : a continuación do proceso da perda de falantes de lingua inicial galega (castelanización individual), a timidez con que avanza o proceso de normalización lingüística e a escasa penetración do galego nos usos desenvolvidos por axentes de titularidade privada. Indicadores positivos : o incremento da presenza do galego na vida pública, a oficialización da lingua, que supuxo a entrada do galego no mundo da educación e nos medios de comunicación e a proliferación de colectivos que defenden a normalización. Como consecuencia de todo isto prodúcese unha desigual distribución do galego e do castelán. Non existen zonas plenamente galego-falantes nin zonas totalmente castelán-falantes, sen embargo, de forma xeral podemos facer a seguinte distribución: - Segundo o hábitat, o galego continúa a ser a lingua do mundo rural e da maioría da poboación das vilas, e o castelán ten maior presenza nas cidades. - Segundo a idade, o galego é maioritario nos falantes máis vellos(maiores de 65 anos),mentres que o castelán supera ao galego nos falantes máis novos (menores de 30-35 anos), o que indica claramente un proceso de substitución lingüística. - Segundo a clase social, o galego é predominante nas clases menos favorecidas e o castelán nas máis prestixiosas, aínda que cada vez é mais frecuente oír falar en galego a xente destas clases máis elevadas.